

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE MICRORRELATOS
AUDIOVISUAIS MICROMUSEO PARA O ANO 2026****Expte. 2025074840**

A Deputación de Pontevedra desenvolve actuacións para fomentar a cultura a través da cooperación e da coordinación cos concellos co fin de garantir unha prestación adecuada e eficiente dos servizos públicos en todo o territorio provincial.

No marco das súas competencias para a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal, conforme ao artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), ten unha especial importancia a actividade que xestiona e desenvolve o Museo de Pontevedra como centro de fomento e divulgación cultural que colabora na recuperación do valioso patrimonio cultural da provincia de Pontevedra.

De titularidade provincial, o Museo de Pontevedra é un dos máis singulares de Galicia e unha institución de gran relevancia para a cidade de Pontevedra, con proxección e alcance alén do termo municipal e do territorio provincial. Actualmente conta cunha extraordinaria colección de obras de arte, pezas arqueolóxicas, documentos, libros e fotografías. Neste sentido, cómpre destacar que os fondos que compoñen as coleccións do museo son certamente heteroxéneos, pois inclúen diversas tipoloxías de materiais e abarcan todos os períodos da historia.

O Museo de Pontevedra está dotado dunha enorme riqueza de fondos que se atopan depositados nas súas diversas instalacións. Así, ao longo da súa dilatada historia, incorporou diferentes edificios para atender as súas crecentes necesidades. Actualmente, os edificios que integran o Museo de Pontevedra son as Ruínas de San Domingos, os edificios Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Fernández López e Castelao, e o recinto conventual de Santa Clara.

Ademais da enorme diversidade de obras, desde o museo trabállase para convertelo nun lugar vivo no que se poida sentir a historia; para iso, desenvólvese unha axenda de xestión cultural con numerosas e novas actividades. A través delas, búscase que as persoas visitantes vivan novas experiencias, descubran a historia en primeira persoa e se impliquen nos contidos do museo, potenciando o interese pola cultura ao buscar actuacións gratificantes e entreteidas.

Entre as actividades propostas na axenda cultural do museo para o ano 2026, atópase o Concurso de Microrrelatos Audiovisuais MicroMuseo, posto en marcha con motivo da celebración do Día Internacional dos Museos o 18 de maio de 2024, e que en 2026 terá a súa terceira edición, dedicada ao mundo do mar e á súa memoria.

O mar como temática elixida para a creación destes microrrelatos ofrece unha gran

variedade de posibilidades a nivel creativo: o mar e a súa memoria como simple paisaxe e inspiración para artistas, o mar como elemento simbólico de emigración e unión de distintos pobos, o mar como reflexo daquel pasado mariñeiro e mostra do noso patrimonio marítimo-pesqueiro que o museo tan ben soubo salvagardar e que conecta directamente coas orixes da cidade de Pontevedra.

O alumnado participante terá que buscar e indagar sobre algunha das pezas que alberga o Museo de Pontevedra relacionadas co mundo do mar e co seu patrimonio histórico-artístico.

Poderase escoller entre un abano amplísimo de materiais: bibliográfico, pictórico (por exemplo, acábase de incorporar á exposición permanente unha obra de Francisco Llorens procedente do Museo do Prado, na cal o gran protagonista do lenzo é o mar). Poderase recorrer tamén, como eixe argumental, ás arquitecturas mariñeiras que aparecen en moitas das obras pictóricas expostas no museo, coma a vila de Combarro, o barrio da Moureira e a basílica de Santa María en Pontevedra, imaxes da ría etc. Tamén poderán servir de inspiración esculturas coma a de Acuña, titulada *Hoxe comeredes*, e outras moitas que se atopan entre os fondos do museo, así como pezas pertencentes aos fondos etnográficos relacionados coa pesca ou coas embarcacións tradicionais que se custodian e expoñen no museo.

Deste xeito, o Museo de Pontevedra quere implicar directamente a comunidade escolar a través destas iniciativas e profundar no coñecemento da temática mariñeira por medio das creacións audiovisuais.

Por todo o exposto, en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, as solicitudes de participación a esta convocatoria do Concurso de Microrrelatos Audiovisuais MicroMuseo rexeranse polas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto e réxime da convocatoria

Constitúe o obxecto destas bases aprobar e regular o procedemento e a convocatoria polos que se rexen as solicitudes de participación no Concurso de Microrrelatos Audiovisuais MicroMuseo 2026, que ten como fin promover e apoiar a cultura e implicar directamente a comunidade escolar para contribuír ao coñecemento do valioso patrimonio cultural da nosa provincia que se atopa no Museo de Pontevedra.

A participación nesta convocatoria efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como cos de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e no uso de recursos públicos.

Segunda. Persoas destinatarias

Poderán optar a estes premios os centros escolares de educación primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, e as categorías nas que poden participar son:

- 1.ª categoría: estudantes de 5.º e 6.º de educación primaria
- 2.ª categoría: estudantes de educación secundaria obrigatoria de 12 a 15 anos
- 3.ª categoría: estudantes de bacharelato ou de ciclos formativos

Participarase cun grupo de alumnado que non poderá superar o número total dunha aula e unha ou un representante do centro escolar (Dirección, Xefatura de Estudos, titora ou titor ou docente)

A persoa representante do centro escolar será quen presente a solicitude de participación e non formará parte do microrrelato.

O centro escolar debe estar situado nalgún concello da provincia de Pontevedra.

Para obter a condición de beneficiario, o centro deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non poderá incorrer en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13 da LXS.

Terceira. Propostas de participación

O concurso consistirá na presentación dun microrrelato en formato audiovisual, baseado nun guión elaborado previamente, o cal non deberá superar os 300 segundos (5 minutos).

Para realizar este audiovisual tomaranse como eixes temáticos ou argumentais, de entre a gran variedade dos seus fondos, as obras relacionadas co mundo do mar que custodia e expón o Museo de Pontevedra no Edificio Castelao.

Os traballos presentados deberán realizarse en lingua galega e ser orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos similares.

O centro que participe exime a institución provincial de toda responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outro incumprimento ou infracción da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual na que puidese incurrir.

Os centros educativos só poderán presentar dous microrrelatos por categoría. Cada grupo de participantes unicamente poderá entregar un relato.

As propostas presentadas nesta convocatoria non poderán usarse en futuras edicións destes premios.

Cuarta. Premios

Os premios están dotados cun importe total de nove mil euros (9.000 €) e por catálogos e bibliografía relacionada con esta temática.

Os premios para cada unha das categorías detállanse a continuación:

- 1.^a categoría:

1.^o premio: dous mil euros (2.000 €) para o centro escolar e un lote de tres libros do museo

2.^o premio: mil euros (1.000 €) e un lote de tres libros do museo

- 2.^a categoría:

1.^o premio: dous mil euros (2.000 €) para o centro escolar e un lote de tres libros do museo

2.^o premio: mil euros (1.000 €) e un lote de tres libros do museo

- 3.^a categoría:

1.^o premio: dous mil euros (2.000 €) para o centro escolar e un lote de tres libros do museo

2.^o premio: mil euros (1.000 €) e un lote de tres libros do museo

Os premios económicos estarán suxeitos á retención do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente á lexislación vixente no momento da resolución. O premio pagarase mediante transferencia á conta bancaria indicada polo centro solicitante premiado da que este sexa titular.

Os premios con importes económicos dirixidos aos centros escolares deberán destinarse na súa totalidade á adquisición de material, a saídas educativas, a proxectos escolares, a bolsas para o alumnado ou a calquera outra actividade que teña relación directa coa programación do centro.

Quinta. Financiamento

A contía consignada para estes premios ascende a nove mil euros (9.000 €), con cargo á aplicación 26/333.3330.481.02 do Orzamento provincial para o ano 2026.

Sexta. Presentación de solicitudes

Os centros escolares interesados en participar deberán inscribirse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), no que deberán incluír a relación nominal das persoas integrantes do grupo, cos datos e co cargo que ten no centro a ou o representante e cos datos identificadores do grupo de estudantes, así como unha URL que permita acceder e descargar os proxectos audiovisuais que se presentan a estes premios: guión e vídeo de 300 minutos de duración, con créditos incluídos.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Sétima. Prazos de presentación de solicitudes

O prazo de participación no concurso comezará o día seguinte ao da data de publicación desta convocatoria e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e rematará o 22 de maio de 2026.

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas ou xurídicas solicitantes
- NIF das persoas representantes, no seu caso
- Domicilio fiscal, no caso das persoas xurídicas

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Propiedade intelectual dos traballos

A participación nestes premios provinciais supón a autorización das persoas participantes para que esta institución difunda, reproduza ou publique os proxectos premiados por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Décima. Xurado

A selección e a concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizaranse segundo a proposta dun xurado nomeado polo presidente da Deputación ou pola deputada ou deputado en quen delegue.

O xurado estará integrado por representantes da Deputación e, en todo caso, na súa maioría, por persoal do museo, o cal contará con experiencia e/ou coñecementos no ámbito do patrimonio galego e axustará a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningún dos proxectos presentados ao concurso reúne os méritos suficientes para ser premiado.

Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes. Esta composición farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) tras rematar o prazo de presentación de proxectos.

As decisións do xurado serán inapelables.

Unha vez revisadas as solicitudes por parte do Museo de Pontevedra, as que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases non se admitirán a trámite, e dítarase a oportuna resolución.

Os proxectos das solicitudes que cumpran os requisitos e sexan admitidas remitiráselle ao xurado nomeado, que os examinará e valorará, propondrá a adxudicación dos premios e redactará a proposta de resolución, a cal se recollerá nunha acta.

A participación neste xurado non comportará gastos relativos a indemnización por asistencia.

Décimo primeira. Criterios de valoración, proxectos premiados e veredicto do xurado

Para a valoración das propostas, teranse en conta a orixinalidade, a creatividade e a calidade da proposta e a adecuación ao tema do concurso.

A organización do concurso reserva o dereito de excluír todas aquelas propostas que sexan violentas, sexistas, racistas ou vulneren algún dereito fundamental das persoas. Igualmente, advírtese que o uso da IA ten que ser limitado, máis como ferramenta que como base, e farase un uso responsable desta.

A Deputación comunicarlle ao centro escolar que elaborou o proxecto gañador a data e a hora nas que terá lugar o acto público onde se entregarán os premios, co fin de que poidan asistir ou designar a persoa que os representará para recoller o premio no caso de que non puidesen acudir ao acto.

Tras a publicación da resolución derivada da decisión do xurado, procederase á tramitación do recoñecemento da obriga e á orde de pagamento de cada un dos premios.

No suposto das e dos menores de idade, a nai, pai ou persoa que exerza a súa titoría legal deberá indicar que autoriza a Deputación a aboar o premio, no caso de que se lle concedese. Para tal efecto, o centro escolar deberá obter a dita autorización e remitirla ao Museo de Pontevedra.

O veredicto do xurado farase público o 8 de xuño e, posteriormente, os premios entregaranse no Museo de Pontevedra. A data e a hora de entrega dos premios comunicaránselles, segundo o previsto nestas bases, ás persoas gañadoras do concurso.

Décimo segunda. Publicación

Esta convocatoria será obxecto de publicación no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

Segundo o previsto no artigo 45.1.b desta lei, os sucesivos actos administrativos, entre os que se inclúe o veredicto do xurado, serán obxecto de publicación, que producirá os efectos da notificación, a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e da páxina web (www.depo.gal).

Décimo terceira. Información

Para resolver dúbidas ou ampliar información sobre a documentación que se debe presentar, as persoas interesadas poderán poñerse en contacto co Departamento de Educación do Museo de Pontevedra chamando ao 986 804 100 ou ben escribindo a educacion.museo@depo.gal.

Décimo cuarta. Incumprimento das bases

A falsidade nos datos achegados polas persoas participantes no concurso dará lugar á exclusión inmediata do proxecto presentado. Se esta se puxese de manifesto tras a resolución do concurso e o proxecto afectado resultase premiado, o premio obtido quedará sen efecto coa obriga de reintegrarlle o seu importe a esta institución, e devindicaranse os xuros legais que correspondan desde a percepción deste ata reintegralo por completo.

Décimo quinta. Interpretación das bases

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases resolveraaas o Museo de Pontevedra. Coa participación no concurso suponse a aceptación destas bases.

En todo o non previsto nestas bases, o xurado queda facultado para resolver as cuestións que se presenten e adoptar os acordos que se estimen necesarios para o efecto.

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.